A avaliación do alumnado deberá ser continua, nun proceso no que a súa propia participación (a autoavaliación) terá un papel importante. Atenderáse ao desenvolvemento de capacidades e ao esforzo e traballo individual e colectivo desenvolvido así como á consecución dos obxectivos propostos.

A avaliación sumativa axúdalle ao alumno a medir os seus progresos e a identificar os seus puntos fortes e débiles.

Cando se trata de medir competencias de comunicación, a comunicación é a prioridade: nas primeiras fases, a corrección formal está ao servizo da mesma e non é un fin en si mesma. Desta maneira, en determinadas actividades poderá obter mellor resultado un

alumno que cometa faltas por «arriscar» que un que non comete erros, pero que non envía unha mensaxe auténtica.

Unha certa corrección formal e o respecto das normas lingüísticas básicas é necesaria para garantir a comprensibilidade e a precisión da mensaxe. Con tarefas específicas, o profesorado axudará ao alumnado con dificultades para que alcancen o nivel que estime necesario para a súa integración no grupo e na dinámica da clase.

Ó tomar en consideración no momento de avaliar as diferentes competencias por separado, así como os diferentes modos de aprender, axudará a «equilibrar» o grupo, dando a súa oportunidade á maior parte de alumnas/os posible. A avaliación continua non está concibida para castigar, senón para animar, estimular.

Os procedementos de avaliación estarán en relación co logro da competencia comunicativa e o desenvolvemento e consecución das catro destrezas (comprensión e produción oral e comprensión e produción escritas), así como a reflexión sobre a lingua e os aspectos socioculturais. Nestes niveis de debutantes a avaliación formativa debe ser prioritaria. De todos os xeitos, dado que no contexto escolar é necesaria unha avaliación sumativa, establecemos os seguintes criterios:

A expresión oral avaliarase na actividade de aula, nas interrelacións cos compañeiros e compañeiras e coa profesora. Pode tamén establecerse unha proba específica individual, atendendo ós obxectivos de cada unidade: saber presentarse, dicir onde se vive, falar da familia, etc., na que se avaliará a corrección formal, a pronunciación, a soltura; en resume, a capacidade de que a mensaxe se transmita correctamente.

A comprensión oral avaliarase cunha proba de escoita ou na actividade de aula, tratando de comprobar a comprensión sobre os temas das unidades: relacionar datos e imaxes, completar cadros verdadeiro-falso, situar obxectos no espazo, identificar obxectos ou imaxes, identificar e saber responder ás mensaxes da profesora ou dos compañeiros/as.

A comprensión escrita avaliarase tamén con exercicios adecuados a cada nivel: descubrir erros, completar imaxes, sinalar persoas ou obxectos a partir do texto, ordenar diálogos, datos, etc.

A expresión escrita avaliarase con exercicios a través dun modelo (enquisa, pregunta-resposta, fichas, etc.), redacción de textos sinxelos (descricións, cartas ou correos electrónicos, etc.), adecuados a cada nivel.

A reflexión sobre a lingua avaliarase tamén con exercicios de pregunta-resposta, encher ocios, separar palabras,

completar frases a partir de imaxes, etc.

## TIPOS DE AVALIACIÓN

### AVALIACIÓN CONTINUA:

A avaliación desta materia é continua. Polo tanto, malia que a nota final poida ser unha media das tres avaliacións, e non haxa probas de recuperación durante o curso, non se poderá aprobar o curso se non se superan os contidos no terceiro trimestre. Non se fará media das tres avaliacións se non está aprobada a terceira.

Dado que os contidos son progresivos e se reutilizan dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, (25% + 35% + 40%) o que serve de recuperación. Non se realizarán exames de recuperación das distintas avaliacións, senón que cada avaliación enténdese como recuperada se se aproba a avaliación seguinte.

### AVALIACIÓN ORDINARIA:

Cando un(ha) alumna/o non acade o 5/10 de media das tres avaliacións deberá presentarse a unha proba escrita final de toda a materia impartida. A valoración desta proba é sobre 10 puntos.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### 1. Observación na aula :

-ORAL: Frecuencia na participación oral . Uso da lingua oral na aula: estratexias de comunicación alternativas cando non se conecen palabras ou formas, por exemplo preguntar vocabulario, facer perifrases, buscar sinónimos, explicar con xestos... sen medo os erros.

-TRABALLO EN GRUPO: Participación activa e respetuosa nos grupos de traballo.

-TRABALLO INDIVIDUAL: Corrección e realización puntual das tarefas propostas no caderno, das fichas e dos traballos. Corrección (ortográfica, gramatical , sintáctica e comunicativa) na realización dos exercicios dirixidos e creatividade na realización dos exercicios libres.

### 2. Probas obxectivas:

En cada trimestre poderán realizarse na aula probas obxectivas dos contidos mínimos para acadar os obxectivos establecidos. Realízase mínimo 1 proba obxectiva por trimestre, quedando ao criterio do profesor realizar máis se así o considera oportuno. Poderán ser orais como escritas.

### 3. Tarefas:

Realízanse algunhas tarefas na casa e na aula tanto escritas como orais: traballos, actividades de redaccións (escribir unha carta ou un e-mail), de descrición, exercicios de ampliación... que serán valorados de xeito positivo ou non no caso de non ser entregadas en prazo polo alumnado.

### 4. Traballo na aula:

Tomarase en conta o comportamento do alumnado: a iniciativa e o interese, a participación, a capacidade de traballo en grupo, os hábitos de traballo, o cumprimento das tarefas e prazo.

### 5. Outros instrumentos

- A asistencia a clase co material requirido e boa disposición.

- A participación activa e unha actitude correcta en clase servirán para medir a expresión e comprensión oral.

- O interese e a actitude fronte á materia e con respecto á docente e ao resto do grupo.

- Rúbricas e escalas de avaliación

En canto ás Actividades de avaliación propiamente ditas, os controis escritos serán, polo menos, un por trimestre. Estes poderán ser puntuados de forma variada, segundo o criterio da profesora, agora ben, o alumnado coñecerá o resultado numérico desa puntuación así como a equivalencia no sistema tradicional de valores entre 1 e 10 puntos. Ao final do trimestre tamén darase a coñece-lo resultado das notas destes controis en referencia á nota xeral da

avaliación.

No caso de facer varios controis escritos, poderá valorarse máis o último, por considerar que abarca máis materia e implica maior dificultade. En todas estas probas incluíranse contidos das unidades anteriores, sobre todo no que á competencia lingüística refírese

.No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando na realización dun exame, este suspenderá directamente esa avaliación. Para recuperar dita avaliación terá a posibilidade de repetir un exame similar na avaliación seguinte. Gardarase a nota deste exame para o cálculo da nota media final da materia. Se o alumno ou alumna é sorprendido copiando no exame na terceira avaliación, o alumno terá que ir ao exame final de recuperación de toda a materia.

Faranse ademais controis puntuais na clase de vocabulario, verbos, fichas de comprensión, ditados, pronunciación, diálogos e lectura. Estas probas serán puntuadas seguindo o criterio do profesor ou da profesora, sendo cada unha delas un instrumento de avaliación continua e significativo para valorar o proceso de aprendizaxe de cada un dos alumnos.

Considerarse como comportamentos negativos, a falta de traballo na aula, a ausencia de material de traballo, a non realización das tarefas, a interrupción do normal desenvolvemento da clase, faltas de respecto, falta inustificada a clase, etc.

Ao final do trimestre o profesor revisará as libretas nas que terán que aparecer tódalas actividades realizadas na clase ou na casa debidamente corrixidas polo alumno . A libreta na que falten exercicios ou non estean corrixidos así como aquelas que demostren falta de interese por parte do alumnado non se valorarán. Para poder aprobar o trimestre, o alumnado terá que obter unha nota mínima, nos controis escritos, de 3 puntos sobre 10.

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.
- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.
- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para 1º ESO son os seguintes:

- 10% cuaderno de clase do alumno, esforzo, progresión e participación activa na aula.
- 10% comprensión escrita
- 10% expresión oral
- 10% comprensión oral
- 10% expresión escrita
- 50% contidos gramaticales

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas impartidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica, os cales se poden ver no apartado 3.1 da programación. Así teríase o seguinte:

1ª AVALIACIÓN:  $20 \times \text{NotaUD1} + 40 \times \text{NotaUD2} + 40 \times \text{NotaUDD3} / 100$

2ª AVALIACIÓN:  $42,86 \times \text{NotaUD4} + 57,14 \times \text{NotaUD5} / 100$

3ª AVALIACIÓN:  $50 \times \text{NotaUD6} + 50 \times \text{NotaUD7} / 100$

A cualificación final da materia virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación.

Avaliación final ordinaria=  $(25 \times \text{Nota}_{1ª \text{ aval}} + 35 \times \text{Nota}_{2ª \text{ aval}} + 40 \times \text{Nota}_{3ª \text{ aval}}) / 100$

Tamén se pode calcular esta cualificación final en función dos pesos das distintas unidades didácticas, mediante a seguinte expresión matemática:  $(5 \times \text{NotaUD1} + 10 \times \text{NotaUD2} + 10 \times \text{NotaUD3} + 15 \times \text{NotaUD4} + 20 \times \text{NotaUD5} + 20 \times \text{NotaUD6} + 20 \times \text{NotaUD7}) / 100$

No caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que estaban programadas para algunha avaliación, deberá modificarse a maneira de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar a

terceira avaliación non se impartira algunha unidade ou algunhas unidades, entón repartiríase equitativamente o peso destas entre as unidades impartidas, e polo tanto, modificaríase a expresión matemática para o cálculo da cualificación final da materia segundo proceda.

### **Criterios de recuperación:**

1. Dado que os contidos son progresivos e se reutilizan dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación. Non se realizarán, exames de recuperación das distintas avaliacións, senón que cada avaliación enténdese como recuperada se se aproba a avaliación seguinte.
2. Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.
3. Avaliación extraordinaria: O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria ao final da 3ª avaliación terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas previamente establecidas. Nesta proba, o alumno ou alumna deberá demostrar ter adquirido, polo menos, o grao mínimo de consecución dos obxectivos correspondentes ao curso do que se trate. A proba consistirá en preguntas de gramática, léxico, funcións comunicativas e comprensión escrita. Para superar a materia na avaliación extraordinaria, o alumno ou alumna terá que obter unha cualificación igual ou superior a 5. Na cualificación desta convocatoria, a nota do exame representará o 100%.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Ao tratarse dunha materia nova non hai alumnado coa materia pendente de anos anteriores.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Medidas organizativas para a atención á diversidade:

O alumnado de 1º da ESO está distribuído en catro grupos

Organizáronse as seguintes medidas de atención á diversidade

-Exención da segunda lingua estranxeira (Francés): exentos de cursar a segunda lingua estranxeira e reciben reforzo educativo (RE) nas linguas.

-Alumnado con Adaptación Curricular Significativa (ACS)

O alumnado de lingua estranxeira, en xeral, presenta unha gran diversidade de características (intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe) que hai que atender. Desde o momento en que os alumnos/as optaron pola SLE, xa se está tendo en conta a diversidade dos seus intereses. A opcionalidade queda así suscitada, desde a súa orixe, como un espazo educativo onde prima unha formulación curricular aberta e flexible, e será a profesora quen interprete os diversos contidos, de acordo coa realidade das características persoais e grupais que caracterizan os alumnos/as do grupo co que se está traballando. Esta atención á diversidade debe aplicarse ao longo de todo o proceso educativo dun xeito efectivo e eficaz:

- Nun primeiro momento do proceso, facendo que cada alumno/a parta dos seus propios coñecementos e capacidades, consciente de que os seus avances no proceso serán valorados, en todo momento, tomando como referencia os seus coñecementos previos, sen esquecer que forma parte dun grupo.

- Nas diferentes fases do proceso, estimulando, corrixindo e valorando a cada alumno/a, avaliando, á súa vez, a eficacia constatada dos materiais e metodoloxías empregados.

- Ao final do curso académico, considerando os progresos alcanzados polo alumno/a con respecto ao seu propio punto de partida individual, máis que con referencia aos parámetros obxectivos da perspectiva grupal en xeral.

Polo que respecta ás medidas de atención á diversidade reguladas legalmente e das que dispón este centro, na materia de segunda lingua estranxeira, este curso, levamos a cabo as seguintes:

En caso de existir alumnado con dificultades de aprendizaxe, deseñaranse estratexias e actividades que lle axuden a acadar os obxectivos mínimos. En caso de existir alumnado con coñecementos elevados da segunda lingua estranxeira, por ter residido no país onde se fala, aproveitarase esa circunstancia para servir de modelo ao grupo no

seu conxunto.

Medidas ordinarias

Organizativas:

-Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.

a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.

b) Espazos diferenciados.

c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.

Curriculares:

-Adaptacións metodolóxicas para algún alumno/grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.

-Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.

-Programa específico para alumnado repetidor da materia.

Este curso académico, na materia de Francés contamos con 1 alumno con dislexia, un alumno con disortografía e 1 alumno con TDAH polo que se levarán á cabo as adaptacións non significativas marcadas pola lexislación:

- adaptación de material
- adaptación de probas orais e escritas
- asegurarse de que o alumno comprende o que se lle pide en todo momento.
- acordar con el ou ela unha señal visual ou sonora para chamalo ao orde sen necesidade de facelo diante do grupo.
- reforzo positivo en todo momento
- revisar as súas tarefas e probas avaliadas para asegurarse de que non deixa nada sen facer
- cumprir en todo momento cos protocolos de atención á diversidade facilitados polo departamento de orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Actitude de aprendizaxe continua.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Actitude respectuosa polas obras do resto dos compañeiros e compañeiras	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Iniciativa persoal, sen deixarse vencer pola timidez ou o medo a equivocarse, de pequenas expresións escritas e orais.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.5 - Igualdade de xénero			X				
ET.6 - Actitude respectuosa coas diferenzas culturais.	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Na materia de francés traballaremos fundamentalmente os seguintes elementos transversais relacionados coas competencias básicas, o civismo e os valores éticos:

- A comprensión lectora e a expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual. En francés utilizamos a menudo materiais audiovisuais: vídeos, cancións, video-clips, películas, episodios de series, etc. Traballaremos estratexias de comprensión e análise dos mesmos, fomentando espírito crítico do alumnado.
- As TIC. Incorporaremos o uso das TIC na materia: aula virtual, encerado dixital, elaboración de traballos en formato dixital.
- A iniciativa empresarial, a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a autoconfianza, a responsabilidade e o esforzo.
- O respecto ó noso entorno rural e urbán, salientando a importancia das boas conductas medioambientais e ecoloxistas para a conservación do planeta e a garantía de futuro das especies que nel habitamos, así como a importancia dun uso e consumo axeitados dos recursos que están ó noso alcance día a día. Tamén transmitiremos, a través das actitudes, dos comportamentos concretos e das decisións que se toman no día a día das clases, os seguintes valores:
- A igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero. Evitaranse comportamentos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- A prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, e especialmente no do acoso escolar. Promoverase a creación do ambiente de respecto mutuo na aula: respectaranse a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.
- A xusticia, e a igualdade de trato, evitando calquera tipo de discriminación.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a obras teatrais e cinematográficas en francés.	Asistir a obras teatrais e cinematográficas en francés para que o alumnado reciba Input diferente ao xa recibido na aula.	X	X	X
Posible intercambio de cartas por correo (ordinario e vía internet) con alumnado dun centro educativo de Francia	Co fin de traballar a comprensión e a expresión escrita na lingua estranxeira, así como de coñecer aspectos socioculturais e de familiarizarse co contexto real e as costumes de xóvenes da súa idade pero de outro país.		X	X
Visitas virtuais de monumentos, zonas e rexións de Francia.	Beneficiáronos das TIC para dar a coñecer ao alumnado a xeografía e arte das diferentes zonas francófonas para promover a súa competencia de concienciación cultural e artística.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Outras actividades complementarias (literarias, artísticas, gastronómicas...)	En horario escolar e no interior do centro educativo, para acompañar celebracións habituais (Nadal, Entroido, San Valentín, etc), Actividades complementarias organizadas polo Departamento de francés en horario escolar e no interior do centro educativo para acompañar celebracións habituais (Nadal, Entroido, etc) festivas ou festas típicas e propias dalgunha cultura francófona (distintas á nosa, como Le poisson d'Avril).	X	X	X

#### Observacións:

A finalidade das actividades complementarias e extraescolares do Departamento de francés será coñecer, mediante experiencias lúdico-educativas, outros aspectos culturais, contextualizalos, experimentalos en primeira persoa, e fomentar así non só a importancia da aprendizaxe dunha lingua estranxeira (e o seu contexto real) sinón tamén permitir e potenciar no alumnado o desenvolvemento das súas capacidades e a mellora de competencias tales como a comunicativa, a dixital, a de aprender a aprender, o sentido da iniciativa, o traballo en equipo, a conciencia cultural e o espírito emprendedor. Tamén se terá en conta a actitude do alumnado fronte a estas actividades, fomentando o seu comportamento cívico, o respecto entre iguais e cara ás culturas estranxeiras, o respecto polo material tanto do centro como dos/as compañeiros/as, a actitude positiva ante tarefas prácticas fóra da aula, e a correcta colaboración entre alumnos/as nos traballos en grupo.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas curriculares e organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Clima de traballo na aula
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.



Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

### **Descrición:**

Ao final de cada período de avaliación ou de cada unidade didáctica, farase unha avaliación da práctica docente mediante unha táboa de cotexo ou unha rúbrica, coas que se poderá obter información ao respecto. Estas táboas poderán ser cubertas tanto polo alumnado como polo profesorado da materia. Nas reunións de departamento analizaranse o resultados desta avaliación da práctica docente.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O profesorado da materia fará un seguimento do cumprimento da programación. Para iso ao finalizar cada unidade didáctica, e través da aplicación PROENS, no apartado de "Seguimento", comprobaranse as datas de inicio e final de cada unidade, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias. Nas reunións mensuais do departamento didáctico tratarase sempre como un dos puntos da reunión, o seguimento da programación didáctica. Antes de rematar o período lectivo, o alumnado fará unha avaliación da actividade docente baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación. Do mesmo modo, finalizado o curso, tamén se fará unha avaliación e unha memoria da programación da materia, onde se recollerán os seguintes apartados:

- A.- Porcentaxe do cumprimento da programación.
- B.- Xustificacións da parte da programación non impartida.
- C.- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
- D.- Motivos das modificacións feitas.
- E.- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
- F.- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013636	IES María Sarmiento	Viveiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Bioloxía e xeoloxía	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Bioloxía e Xeoloxía do 1º curso da ESO, ten como referencia o Decreto 156/2022, de 15 de setembro do 2022, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun centro público, o IES María Sarmiento situado en Viveiro, concello localizado na mariña lucense. Neste centro, a maioría das familias do alumnado asistente encádranse dentro da clase media e, aínda que parte dese alumnado procede da vila de Viveiro, hai outra parte que provén doutros núcleos de poboación e concellos próximos (Celeiro, Covas, Vicedo, Oroul, Muras), principalmente dos centros adscritos (CEIPs de Celeiro, O Vicedo e Santa Rita de Galdo).

No 1º curso da ESO do IES María Sarmiento hai un total de 4 grupos, compostos por 25, 24, 23 e 26 alumnas e alumnos respectivamente (53 varóns e 45 femias), con idades comprendidas entre os 11 e os 13 anos. Neste 1º curso atopámonos con 6 alumnos e alumnas que teñen Adaptación Curricular (AC) en materias varias, 31 con reforzos educativos varios, a maioría exentos de cursar 2ª lingua estranxeira, e 12 que repiten curso, 3 dos cales teñen AC (destáquese que algúns dos alumnos e alumnas repetidores teñen reforzos e/ou ACs varias).

A distribución nos distintos grupos é a seguinte:

- En 1º ESO - A atopámonos nunha mesma aula con 2 alumnos/as con Adaptación Curricular e 3 alumno/as repetidores/as.
- En 1º ESO - B temos 3 alumno/as con Adaptación Curricular, tamén repetidores, e outros 3 alumno/as repetidores.
- En 1º ESO - C hai 1 alumna con Adaptación Curricular e 3 alumno/as repetidores.
- No grupo 1º ESO- D hai 2 alumno/as repetidores/as.

Para traballar co alumnado con Adaptación Curricular, coordinámonos en todo momento co Departamento de Orientación, co profesorado de Pedagogía Terapéutica e coa profesora PROA, mentres que co alumnado que ten algunha NEAE, aplícase o protocolo correspondente.

En xeral, o alumnado do centro é un alumnado traballador e sen demasiados problemas de convivencia entre eles, dentro do centro educativo. Trátase dun alumnado que non soe abandonar os estudos, xa que o centro ofrece moitas opcións e diferentes itinerarios ou ramas de estudo, dende ESO e bacharelato, pasando por FP-Básica, ciclos medios, ciclos superiores, ou ESO e bacharelato para adultos en horario nocturno. En todo isto tamén destaca o papel das familias, que en xeral son preocupadas e interesadas polos seus fillos/fillas e cuxa situación socioeconómica se encadra, na maioría dos casos, dentro da clase media. En canto á situación da residencia familiar predominan o alumnado que provén dos núcleos de poboación de Celeiro, Viveiro centro, Covas e o centro urbano de O Vicedo, combinados cunha poboación rural diseminada polos concellos de O Vicedo, Oroul, Muras e a parte sur do concello de Viveiro. Os Centros adscritos son: CEIP de Celeiro, CEIP do Vicedo e CEIP Plurilingüe Santa Rita de Galdo

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-3-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4-5	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.	1-2-3		1-2	5	5		1-3	4
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O "TOP-TEN" DO MÉTODO CIENTÍFICO. COMO SER UN/HA BO/A INVESTIGADOR/A	Aquí aprenderemos a identificar as distintas etapas do método científico experimental, para poder aplicalo e facer proxectos e investigacións.	12	15	X		
2	A XEOSFERA E A SÚA IMPORTANCIA NAS NOSAS VIDAS	Veremos a estrutura da xeosfera terrestre, as súas capas, os minerais e rochas máis característicos da codia en Galicia e os seus usos máis cotiás.	15	15	X		
3	A ATMOSFERA. QUE ESTÁ A OCORRER CON ELA?	Veremos a estrutura da atmosfera terrestre, as súas capas e composición, a súa orixe, os fenómenos contaminantes actuais, así como as medidas que podemos	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A ATMOSFERA. QUE ESTÁ A OCORRER CON ELA?	aplicar como cidadáns.	10	10		X	
4	A HIDROSFERA. QUE PODEMOS FACER PARA AXUDARLLA?	Trataremos a súa orixe, as propiedades e funcións da auga, a importancia para os SSVV. Tamén trataremos problemas de contaminación e consumo e a súa xestión responsable.	10	10		X	
5	OS SERES VIVOS MÁIS PEQUENOS	Traballaremos as características dos SSVV, as súas funcións vitais, a estrutura das células e todo o relacionado cos reinos monera, protoctista e fungos.	13	15		X	
6	AS PLANTAS: OS PRINCIPAIS RESPONSABLES DO OSÍXENO ATMOSFÉRICO	Traballaremos distintos aspectos do reino vexetal.	12	12			X
7	MARCHANDO "UNHA DE ANIMAIS"...	Traballaremos os distintos grupos do reino animal (vertebrados e invertebrados)	15	15			X
8	OS ECOSISTEMAS. COMO PODEMOS CONSERVALOS?	Analizaremos os ecosistemas galegos, as súas características e as relacións tróficas entre os seres vivos, así como os desequilibrios xerados neles pola contaminación, a introdución de especies exóticas ou a sobreexplotación doutras e as medidas que podemos aplicar para conservarlos.	13	13			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O "TOP-TEN" DO MÉTODO CIENTÍFICO. COMO SER UN/HA BO/A INVESTIGADOR/A	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	O alumnado ten que ser capaz de prantexar preguntas e hipóteses a fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos sinxelos, e incluso a fenómenos caseiros sinxelos, que poidan ser investigados mediante a experimentación.	PE	60
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	O alumnado ten que ser capaz de explicar diversos conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos, chegando a conclusións.	TI	40
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	O alumnado ten que ser capaz de resolver cuestións de bioloxía e xeoloxía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	O alumnado ten que ser capaz de diferenciar entre a información publicada con bases científicas e a información publicada sen ningunha base científica.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	O alumnado ten que ser capaz de deseñar e realizar experimentos a partir de hipóteses prantexadas sobre distintos problemas sinxelos de bioloxía e xeoloxía, para comprobar a veracidade ou falsedade das hipóteses prantexadas, organizando os datos recabados e analizándolos correctamente.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	O alumnado ten que ser capaz de, despois de levar a cabo os experimentos, chegar a unhas conclusións e presentalas segundo un modelo concreto, en formato papel e formato dixital (procesador de textos ou presentación, por exemplo).		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	O alumnado é capaz de traballar en equipo e colaborar entre todos os integrantes, apoiando aos compañeiros/as nas tarefas de equipo.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	O alumnado é capaz de valorar a importancia da ciencia na vida de calquera cidadá/n, independentemente da súa condición sexual, étnica, cultural, e especialmente, a importancia das investigacións realizadas por mulleres nos avances científicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.</li> <li>- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.</li> <li>- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.</li> <li>- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada</li> <li>- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.</li> <li>- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A XEOSFERA E A SÚA IMPORTANCIA NAS NOSAS VIDAS	15

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	O alumnado ten que ser capaz de explicar diversos conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos, chegando a conclusións.	PE	60
CA4.4 - Describir a importancia dos minerais e das rochas na sociedade relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	O alumnado é capaz de indicar o uso de distintos minerais e rochas da nosa vida cotiá, especialmente dos que son máis abundantes en Galicia e na mariña lucense, e tamén de valorar a súa importancia nas nosas vidas, así como a doutros minerais e rochas habituais pero de procedencia extranxeira.		
CA4.6 - Explicar a estrutura e a composición básica da xeosfera diferenciando as características xerais das capas que a forman.	O alumnado é capaz de identificar as distintas capas da xeosfera terrestre e de establecer as súas características xerais (posición na xeosfera, composición, grosor,...).		
CA4.7 - Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos integrándoas na teoría da tectónica de placas.	O alumnado é capaz de distinguir entre codia e litosfera, relacionando ámbolos dous termos correctamente, e de establecer asociacións entre a distribución das placas e os procesos xeolóxicos máis habituais asociados aos seus bordos de placa (erupcións, sismos, etc.), segundo a tectónica de placas.		
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	O alumnado é capaz de identificar diversas formas do relevo e distintos tipos de xacementos asociados, así como de valorar de forma crítica a explotación actual deles e os impactos xerados, e de establecer diversas solucións que permitan un uso sostible deles.		
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	O alumnado á capaz de relacionar as 4 capas do planeta Terra mediante as interaccións entre elas, de relacionalas co proceso de formación dos solos e co seu funcionamento, así como de entender o efecto desas 4 capas no proceso de modelaxe terrestre.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	O alumnado ten que ser capaz de resolver cuestións de bioloxía e xeoloxía.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	O alumnado ten que ser capaz de prantexar preguntas e hipóteses a fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos sinxelos, e incluso a fenómenos caseiros sinxelos, que poidan ser investigados mediante a experimentación.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	O alumnado ten que ser capaz de diferenciar entre a información publicada con bases científicas e a información publicada sen ningunha base científica.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	O alumnado ten que ser capaz de deseñar e realizar experimentos a partir de hipóteses prantexadas sobre distintos problemas sinxelos de bioloxía e xeoloxía, para comprobar a veracidade ou falsidade das hipóteses prantexadas, organizando os datos recabados e analizándolos correctamente.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	O alumnado ten que ser capaz de, despois de levar a cabo os experimentos, chegar a unhas conclusións e presentalas segundo un modelo concreto, en formato papel e formato dixital (procesador de textos ou presentación, por exemplo).	TI	40
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	O alumnado é capaz de traballar en equipo e colaborar entre todos os integrantes, apoiando aos compañeiros/as nas tarefas de equipo.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	O alumnado é capaz de valorar a importancia da ciencia na vida de calquera cidadá/n, independentemente da súa condición sexual, étnica, cultural, e especialmente, a importancia das investigacións realizadas por mulleres nos avances científicos.		
CA4.1 - Identificar e clasificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades.	O alumnado debe ser capaz de identificar e clasificar distintos minerais, especialmente os característicos de Galicia e da mariña lucense, tendo en conta as distintas características e propiedades.		
CA4.2 - Recoñecer diferentes rochas a través da súa clasificación en función da orixe e/ou dos minerais que as forman.	O alumnado é capaz de identificar e clasificar distintas rochas, especialmente os característicos de Galicia, tendo en conta a súa orixe e composición en minerais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Localizar rochas e minerais da contorna seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	O alumnado é capaz de recoñecer os minerais e rochas máis característicos de Galicia, especialmente os da mariña lucense, empregando claves dicotómicas e outros recursos e fontes.		
CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	O alumnado é capaz de valorar de forma crítica a explotación actual dos recursos mineiros, así como de propoñer solucións para unha explotación sostible deses recursos mineiros que asegure a súa supervivencia e que reduza os impactos asociados a eles.		
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crezas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	O alumnado ten que ser capaz de diferenciar entre a información publicada con bases científicas e a información publicada sen ningunha base científica.		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	O alumnado é capaz de valorar criticamente o uso actual dos diversos recursos mineiros e a explotación actual dos xacementos, así como de prantexar e promover diversas solucións para asegurar unha explotación sustentable deses recursos, analizando a información prantexada en diversos formatos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.</li> <li>- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.</li> <li>- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.</li> <li>- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada</li> <li>- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.</li> <li>- Os minerais: características, propiedades e clasificación.</li> <li>- As rochas e a súa clasificación: sedimentarias, metamórficas e ígneas. O ciclo das rochas.</li> <li>- Identificación de rochas e minerais relevantes da contorna.</li> <li>- Aplicacións dos minerais e das rochas na vida cotiá.</li> <li>- Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estrutura e composición básica da xeosfera: codia, manto e núcleo.</li> <li>- Introducción á teoría da tectónica de placas.</li> <li>- A litosfera e o movemento das placas.</li> <li>- Estruturas xeolóxicas nos bordos das placas.</li> <li>- Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.</li> <li>- Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	A ATMOSFERA. QUE ESTÁ A OCORRER CON ELA?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	O alumnado ten que ser capaz de explicar diversos conceptos e procesos biolóxicos relacionados coa interacción entre os seres vivos e a atmosfera, chegando a conclusións.	PE	60
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	O alumnado é capaz de interpretar e explicar distintos procesos biolóxicos e xeolóxicos relacionados coa atmosfera e co seu funcionamento e efecto na vida dos seres vivos.		
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	O alumnado é capaz de identificar o efecto de certos elementos da atmosfera no modelaxe da paisaxe e na vida dos seres vivos e as consecuencias derivadas da contaminación atmosférica de orixe antrópica.		
CA5.3 - Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do efecto invernadoiro.	O alumnado é capaz de analizar as diversas funcións da atmosfera e a súa importancia para os seres vivos, así como o papel do efecto invernadoiro natural e a súa importancia para os seres vivos.		
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	O alumnado é capaz de identificar diversos fenómenos de contaminación atmosférica (burato da capa de ozono, aumento do efecto invernadoiro, chuvia ácida e cambio climático), así como as súas causas e consecuencias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	O alumnado á capaz de relacionar as 4 capas do planeta Terra mediante as interaccións entre elas, de relacionalas co proceso de formación dos solos e co seu funcionamento, así como de entender o efecto desas 4 capas no proceso de modelaxe terrestre.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	O alumnado ten que ser capaz de resolver cuestións de bioloxía e xeoloxía relacionados coa atmosfera e os seres vivos, así como relacionados cos problemas de contaminación atmosférica		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	O alumnado ten que ser capaz de prantexar preguntas e hipóteses a fenómenos biolóxicos sinxelos relacionados coas características da atmosfera, e incluso a fenómenos caseiros sinxelos, que poidan ser investigados mediante a experimentación.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	O alumnado ten que ser capaz de diferenciar entre a información publicada con bases científicas e a información publicada sen ningunha base científica.		
As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sesión de teatro	Contrataremos unha compañía de teatro para representar unha ou dúas obras de teatro no salón de actos. Esta actividade realizarase no segundo ou terceiro trimestre do curso. Irá dirixida ao maior número de alumnos posible, empezando desde primeiro da ESO en diante. O custo da actividade corre a cargo do centro.			
Cine en versión orixinal	Faremos unha saída ao cine de Viveiro para ver unha película en versión orixinal (inglés). A actividade será dirixida a alumnos de cursos altos da ESO e/ou Bacharelato. Poderá ser realizada esta actividade en colaboración do departamento de música se se tratase dun musical (como xa se fixo noutras ocasións). O custo desta actividade corre a cargo do alumnado.			

### Observacións:

Todas estas actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

#### Descrición:

Profesorado e alumnado, ( se o tempo do que se dispón o permite) responderán ao termo de cada trimestre a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe. O grao de consecución será:

Sempre  
 Ás veces  
 Nunca

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os

aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesión de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013636	IES María Sarmiento	Viveiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	36

## 1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 1º de ESO os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas denominadas con nomes de animais. Cada unidade iníciase cunha breve explicación sobre a palabra referida no título, o que non só contribuirá ao coñecemento e á conservación do léxico tradicional, senón que tamén propiciará a introdución doutras cuestións lingüísticas e extralingüísticas relativas á materia.

Nas dúas primeiras unidades de cada trimestre trataranse contidos dos catro bloques, mentres que a última de cada un deles se dedicará a realizar un proxecto didáctico sobre algún dos aspectos máis singulares ou salientables do nivel.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

Este fomento do ensino-aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

Tendo en conta este marco, a proposta para o primeiro trimestre consistirá nun proxecto centrado na lusofonía (grafemas, dígrafos e expresións cotiás básicas da lingua portuguesa) e nos países lusófonos (localización, costumes, hábitos...).

No segundo trimestre a atención recaerá nas mensaxes e contidos que se difunden a través dos medios de comunicación e das redes sociais. Ao ser o inicio da adolescencia unha etapa especialmente vulnerable, é moi importante que o alumnado destas idades desenvolva o seu espírito crítico e sexa consciente dos riscos da Rede e do uso dalgúns destes medios.

As últimas semanas do curso destinaranse a preparar unha representación teatral, entendida esta como unha actividade lúdica que non só axudará a presentar os trazos do xénero dramático e a mellorar a competencia comunicativa do alumnado, senón tamén a potenciar a súa creatividade e o seu talento artístico.

Por último, cómpre salientar que os libros de lectura propostos para cada trimestre deberán abordar temáticas

diferenciadas e inserirse en distintos xéneros literarios. No primeiro proporase un poemario; no segundo, unha obra narrativa e no terceiro, unha peza teatral.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**



### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1 A grúa	<p>O coñecemento dos elementos que interveñen en calquera proceso comunicativo será o punto de partida para presentar unha das secuencias textuais máis básicas, a dialogada, e tamén algúns xéneros discursivos propios do ámbito persoal, particularmente, a presentación persoal e a conversa. Así mesmo, a análise e produción deste tipo de textos facilitará a abordaxe doutro aspecto importante da unidade, as diferenzas máis relevantes entre a lingua oral e a lingua escrita. Por outra banda, o desenvolvemento desta programación debe contemplar o protagonismo do alumnado e facelo partícipe, en primeira persoa, de contidos que terán continuidade noutras unidades do curso ou en niveis superiores. Neste sentido, é fundamental que os alumnos e as alumnas rexistren a súa experiencia na aprendizaxe de linguas (presentación da súa biografía lingüística) e vaian perfilando a súa identidade lectora e gustos literarios (obradoiro de poesía). A avaliación inicial realizarase os primeiros días do curso.</p>	10	10	X		
2	Unidade 2 O ourizo	<p>A segunda unidade centrarase nas secuencias textuais descritivas e na descrición de obxectos, elementos da natureza, animais e persoas. Exporanse os trazos máis salientables desta tipoloxía textual e redactaranse descricións (persoas, animais, obxectos, paisaxes) nas que se identifiquen as características propias deste xénero. En canto aos contidos literarios, cumprirá analizar e avaliar a forma e o contido do libro de lectura obrigatoria do trimestre, un poemario, (o sentido global, a temática, os recursos). Por outra banda, o coñecemento das familias lingüísticas do mundo e de trazos básicos dalgunhas linguas, con especial atención ás do alumnado foráneo (as fórmulas de saúdo e despedida, de agradecemento e desculpa e os sistemas de escritura) será o punto de partida para afondar nalgunhas das unidades comunicativas mínimas do galego, concretamente, no son (sistema vocálico e consonántico) e no sistema de escritura</p>	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Unidade 2 O ourizo	(soletreo dos grafemas, dígrafos e regras de acentuación básicas).	10	11	X		
3	Unidade 3 O bacallau	<p>Nesta unidade realizarase unha primeira aproximación ao coñecemento e valoración das linguas da Península Ibérica, particularmente do portugués, a través nun proxecto monográfico sobre a lusofonía. Trataranse contidos relacionados cos países de lingua portuguesa e nocións lingüísticas básicas. A lectura dalgúns fragmentos literarios en portugués servirá para coñecer algunhas autoras e autores do ámbito lusófono e para exemplificar os contidos estudados (sistema ortográfico, expresións básicas da vida cotiá...).</p> <p>O desenvolvemento deste proxecto incluírá, ademais, a abordaxe das secuencias textuais expositivas, co fin de preparar o alumnado para que elabore unha exposición sobre algún dos aspectos máis salientables da unidade. Tamén se proporán outras actuacións como un intercambio físico ou virtual con alumnado dun centro luso, un vídeo de presentación das vilas do alumnado dos dous centros e unha convocatoria dun concurso de Mail Art con mensaxes de felicitación de Nadal.</p>	15	14	X		
4	Unidade 4 O esquío	<p>O inicio ao estudo dalgúns aspectos básicos do éuscaro (localización xeográfica, grafías, fórmulas de saúdo, de despedida e de agradecemento e desculpa) será o contido máis singular da unidade. Non obstante, o maior protagonismo terano as secuencias textuais narrativas. Aproveitarase o estudo deste tipo de textos para afondar no emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma e dous puntos). En canto á reflexión lingüística, atenderase aos procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, conexións entre significados...).</p> <p>A respecto dos contidos literarios, abordarase a análise do libro da narrativa xuvenil actual, e algún fragmento do ámbito lusófono, e recoñeceranse nestes textos as principais características do xénero narrativo. Tamén se establecerán vínculos entre a obra de lectura obrigatoria e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas e culturais.</p>	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Unidade 5 A pomba	<p>Nesta unidade, ademais de iniciar o estudo dalgúns trazos básicos do catalán, porase o foco na produción de cartas (formais e informais). Incidirase na revisión e corrección lingüística destas e doutros textos, con especial atención á conxugación verbal e á correlación temporal dos verbos nos discursos relatados. Por outra banda, a reflexión lingüística xirará tamén arredor da incorporación de procedementos que contribúan a enriquecer os textos (precisión léxica, corrección gramatical...) e emendar erros a través de distintos recursos (dicionarios, manuais de consulta, procesadores de texto e correctores ortográficos).</p> <p>A respecto dos contidos literarios, analizarase e avaliarase a forma e o contido do libro de lectura obrigatoria de narrativa xuvenil actual (o sentido global, a temática etc.) e poranse en práctica estratexias para expresar a experiencia lectora e recomendar lecturas, o que se concretará na gravación dun booktráiler sobre a dita obra.</p>	10	12		X	
6	Unidade 6 A rula	<p>Esta unidade desenvolverase a través dun proxecto centrado nos xéneros discursivos propios do ámbito social que se difunden nas redes sociais e nos medios de comunicación (mensaxes instantáneas, correos electrónicos, comentarios dun blog, noticias). O obxectivo non só é coñecer as súas características formais, senón tamén analizar os seus contidos desde un punto de vista crítico. A partir desta análise, o alumnado producirá os seus propios textos, que serán presentados na aula virtual.</p> <p>Entre as actividades que se realizarán está un traballo de investigación sobre as redes sociais no que se responderá a preguntas como: que son?, como se orixinaron?, para que serven?, cales son as súas vantaxes e inconvenientes? etc. Tamén se elaborará un díptico en formato dixital que inclúa información sobre os perigos da Rede e recomendacións para evitalos. Por último, gravaranse pílulas informativas nas que se exemplifiquen e rexeiten usos discriminatorios da linguaxe e abusos a través da palabra.</p>	10	13		X	
7	Unidade 7 A pega	<p>O coñecemento e a identificación de fenómenos dialectais (seseo, gheada...) característicos da contorna do centro</p>	10	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Unidade 7 A pega	<p>(Bueu, o Morrazo) será o punto de partida para desterrar posibles prexuízos do alumnado e reflexionar sobre a riqueza lingüística da lingua galega.</p> <p>No entanto, o eixe da unidade serán os xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a súa planificación, textualización, revisión e corrección lingüística de textos en distintos soportes. Realizaranse actividades de subliñado, resumo e esquematización de textos non académicos relacionados coa ecoloxía.</p> <p>A respecto dos contidos literarios, alén de comezar a lectura da obra teatral obrigatoria e dalgún fragmento do ámbito lusófono, tamén se proporá crear, a partir de modelos dados e a través de procedementos de imitación, un álbum ilustrado colectivo no que debe estar presente a temática ambiental.</p> <p>O coñecemento e identificación das principais funcións sintácticas (SUX, PDO, CD, CI e CC) completarán a materia da unidade.</p>	10	9			X
8	Unidade 8 A lagarta	<p>Nesta unidade concretaranse algúns prexuízos que lle afectan ao galego, en particular os relativos á utilidade da lingua galega fóra de Galicia. Ademais de abordar as causas que subxacen nesta consideración, cumprirá incidir nos argumentos para contrarrestalos.</p> <p>No que se refire á literatura comentarase e analizarase desde unha perspectiva de xénero o libro de lectura obrigatoria do trimestre (peza teatral). Identificaranse e cuestionaranse, neste e outros textos, situacións de desigualdade, discriminación, prexuízos, hábitos sexistas etc.</p> <p>En canto á reflexión lingüística a atención estará posta na palabra, na súa forma (mudanzas gramaticais a través de distintos procedementos de formación de palabras) e no seu significado (coñecemento e identificación das categorías gramaticais...).</p> <p>A detección e corrección de castelanismos léxicos frecuentes en textos do ámbito persoal, social e académico tamén será un dos contidos salientables que se tratarán na unidade.</p>	10	8			X
9	Unidade 9 A xoaniña	<p>A última unidade do curso concretarase nun proxecto monográfico que partirá da lectura da obra teatral obrigatoria do</p>	15	20			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Unidade 9 A xoaniña	<p>trimestre e rematará coa representación desta. A actividade servirá para mellorar a lectura expresiva e dramatizada atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados, e contribuirá, asemade, ao desenvolvemento do talento artístico do alumnado. Tamén se tratarán aspectos teóricos (características do xénero dramático, vínculos entre a obra e algúns tópicos literarios) e se elaborará un xogo interactivo de preguntas e respostas sobre a obra, o/a autor/a, o contexto histórico etc. En función do número de alumnas e alumnos da aula, poderase propor a constitución de varios grupos que escenifiquen distintas partes da obra, ou ben, se a extensión da peza o permite, poderá ser representada integramente por grupos diferentes. A peza levarase á escena a final de curso para outras compañeiras e compañeiros do centro e/ou tamén para alumnado de primaria.</p>	15	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1 A grúa	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado localiza nun mapa da Península Ibérica a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e recoñece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra.	PE	70
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado identifica, nunha conversa ou entrevista gravada, os principais elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...) e recoñece trazos característicos das secuencias textuais dialogadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica, en textos dados e na obra de lectura obrigatoria, algúns trazos formais do xénero lírico (versos, estrofas, rima...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha breve presentación da súa biografía lingüística. Indica que linguas fala, escribe ou aprende, como as aprende, que lingua/s utiliza/n a súa familia ou persoas achegadas...		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos de catro alumnas/os, participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa sobre o inicio de curso e o instituto.	TI	30
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado asiste e participa activamente nas actividades do obradoiro de poesía, expresa a súa opinión sobre un poema da súa elección e colabora na escrita dun poema colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- dos usos manipuladores da linguaxe.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector</li> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Unidade 2 O ourizo	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado debe recoñecer nun mapamundi as principais familias lingüísticas e linguas do mundo e identificar algúns sistemas de escritura destas.	PE	75
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais descritivas (estrutura, tipos...).		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) do libro de poemas de lectura obrigatoria.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de poemas de lectura obrigatoria.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado acode á biblioteca escolar con motivo da celebración do Día da Biblioteca, selecciona unha obra de acordo cos seus gustos ou preferencias de lectura e explica o motivo da súa escolla.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe soletrear os grafemas e os dígrafos do galego. Tamén sabe aplicar correctamente as regras de acentuación básicas.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza, de acordo coas pautas da tipoloxía descritiva, unha descrición dun obxecto, unha paisaxe, un animal ou unha persoa.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Unidade 3 O bacallau	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado presenta un traballo sobre a lusofonía e os países lusófonos que inclúe as características do sistema ortográfico do portugués e un breve glosario de expresións básicas da vida cotiá.	PE	65
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado redacta un traballo de investigación ben organizado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos nin formais salientables (palabras, letras repetidas...).		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha exposición oral breve sobre algún tema concreto relacionado cos países lusófonos e identifica no seu borrador a estrutura e características lingüísticas do texto expositivo.	TI	35
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente e seguindo as pautas da cortesía lingüística nas actividades de intercambio co centro luso: encontro virtual, presentación da súa vila, concurso de Mail Art.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Unidade 4 O esquío	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos básicos do éuscaro: extensión xeográfica, grafías e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúde e de despedida e de agradecemento e desculpa etc.).	PE	75
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe empregar correctamente e detectar erros relativos ao emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma, dous puntos).		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe establecer vínculos entre a obra de lectura obrigatoria e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas e culturais.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica algunhas das principais características do xénero narrativo na obra de lectura obrigatoria de narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe recoñecer e aplicar algúns procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, conexións entre significados...).		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha narración breve sobre un suceso recente na que identifica as principais características das secuencias textuais narrativas (estrutura, elementos...).	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Unidade 5 A pomba	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos básicos do catalán: localización xeográfica e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúde, despedida, agradecemento e desculpa etc.).	PE	60
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado usa coherentemente as formas verbais e recoñece erros relativos á correlación temporal dos verbos.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar a carta coa axuda do profesorado, detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global (información relevante, a intención do emisor...) do libro de lectura obrigatoria da narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado utiliza axeitadamente dicionarios, manuais de gramática e correctores ortográficos para emendar erros lingüísticos básicos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado escríbelle unha carta formal ao autor ou autora da obra de lectura obrigatoria. No texto emprega o rexistro adecuado, mantén a coherencia e respecta as convencións do xénero.	TI	40
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de narrativa xuvenil actual e expresa a súa opinión a través da gravación dun booktráiler.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
CA3.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Fai predicións a partir da gráfica ou da ecuación dunha función lineal.		
CA3.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Representa funcións doutras materias, como por exemplo a ecuación do movemento rectilíneo uniforme e interprétaa.		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Identifica as funcións lineais e non lineais. Estuda as propiedades relevantes das funcións a partir das táboas e gráficas.		
CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Modeliza as relacións lineais en situacións da vida real e representa a recta a partir da súa ecuación.		
CA4.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Usa software específico para a construción de gráficas e como apoio para xustificar os razoamentos dun problema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Localización e sistemas de representación.
- Localización e descrición de relacións espaciais: coordenadas cartesianas e outros sistemas de representación. Uso de ferramentas tecnolóxicas.
- Modelo matemático.
- Uso de modelos matemáticos para representar e comprender situacións da vida cotiá.
- Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.
- Variable.
- Comprensión do concepto de variable. Variable dependente e independente.
- Igualdade e desigualdade.
- Uso da álgebra simbólica para representar relacións lineais en situacións da vida cotiá.
- Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais.
- Relacións e funcións.
- Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación lineal. Coordenadas cartesianas.
- Identificación de funcións, lineais ou non lineais e comparación das súas propiedades a partir de táboas, gráficas ou expresións alxébricas.
- Modelización das relacións lineais en distintas situacións da vida real.
- Representación da recta a partir da súa ecuación en problemas contextualizados.
- Uso da álgebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas.
- Dedución da información relevante dunha función mediante o uso de diferentes representacións simbólicas.
- Pensamento computacional.
- Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.
- Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.
- Uso de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.

UD	Título da UD	Duración
12	Estatística	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica e fai propostas de variables cualitativas e cuantitativas. Pón exemplos de poboación, mostra e individuo.	PE	100
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Organiza os datos dunha variable unidimensional e constrúe a táboa de frecuencias.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e calcula correctamente as medidas de centralización.		
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Interpreta a táboa de frecuencias dunha variable unidimensional e aplica conexións dos datos co mundo real.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Resolve problemas de estatística con aplicación ás Ciencias Sociais ou a Economía e analiza de forma crítica a achega da estatística a esas materias.		
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Organiza os datos dados de forma gráfica.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Elixe a representación gráfica adecuada para describir os datos dados.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística sinxela recollida en medios de comunicación e outros ámbitos. Emprega a linguaxe estatística con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización e análise de datos.</li> <li>- Concepto de poboación, mostra e individuo. Variables cualitativas e cuantitativas.</li> <li>- Recollida, organización e tratamento de datos de variables unidimensionais. Frecuencias.</li> <li>- Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas e cuantitativas en contextos da vida real.</li> <li>- Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas a cada caso para visualizar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. Uso de procedementos manuais e tecnolóxicos (calculadora, folla de cálculo, programas informáticos)</li> <li>- Medidas de centralización: interpretación e cálculo.</li> <li>- Uso da calculadora e outras ferramentas tecnolóxicas para o cálculo analítico das medidas de centralización, así como a súa interpretación en situacións da vida real.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
13	Matemáticas para a vida en sociedade	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.</li> <li>- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipo e toma de decisións.</li> <li>- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.</li> <li>- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> <li>- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento</li> </ul>

## Contidos

- humano desde unha perspectiva de xénero.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas metodolóxicas básicas son as seguintes:

- O ensino partirá dos coñecementos e experiencias previas das alumnas e dos alumnos; estas e estes deberán, lóxicamente, aportar o seu esforzo para adquirir os novos contidos.
- No inicio de cada tema, procurará facerse unha introdución que xustifique o seu estudo, e que sirva de motivación, ademais de explicar o que se pretende acadar. Se se considera conveniente, farase un repaso dos conceptos previos necesarios para o desenvolvemento do mesmo. Esta introdución partirá, preferiblemente, dunha situación real, ben sexa un problema da vida cotiá ou ben científico, facendo fincapé na aplicación e utilidade das matemáticas neses ámbitos, sen prescindir do rigor propio do nivel no que estea o alumnado.
- A acción na aula presentará un conxunto ordenado de informacións que amplíen gradual e razonadamente os coñecementos de partida do alumnado, e procurará predispoñer favorablemente a este ante a materia.
- Os exemplos e exercicios terán unha gradación crecente de dificultade.
- Un resumo final do tema resulta útil para tratar de afianzar as ideas nel adquiridas.
- A metodoloxía activa e participativa que se pretende aplicar esixe, evidentemente, unha intensa actividade por

parte do alumnado, para establecer relacións entre os novos contidos e a súa propia estrutura cognitiva.

- As actividades teórico-prácticas propostas contribuirán a evitar as dificultades de asimilación mediante unha boa secuencia de contidos, orientando aos alumnos e alumnas para superalas; e terán como finalidade o logro dos obxectivos da ESO , así como das competencias clave correspondentes a cada nivel.

En xeral, os resultados das metodoloxías escolares e a adquisición de pautas de conduta polo alumnado son consecuencia dun proceso no que o profesorado ten un papel importante, xunto coa familia e o resto da sociedade.

Neste curso de 1º de de ESO, a metodoloxía específica incluirá:

- A atención á diversidade de capacidades e intereses, que se levará a cabo mediante medidas curriculares (como actividades de reforzo ou ampliación).
- O fomento da comprensión lectora, (Competencia de comunicación lingüística), dedicando un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.
- A promoción do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como recurso metodolóxico.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto MATEMATICAS (1º ESO). Editorial: Santillana

Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Materiais manipulativos (para o traballo da xeometría, por exemplo)
Caderno da/o alumna/o
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres e encerado,)
Ordenadores Edixgal
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra nalgúns exercicios do tema de Álgebra e uso de Excel nalgúns exercicios dos temas de Táboas e Gráficos e Estatística)

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ao tratarse dun centro e dunha aula Edixgal, cada alumno vai ter o seu equipo informático diariamente á man para posibles actividades.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras; a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolta na aula ou de preguntas orais que o profesor poderá realizar en clase. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	5	7	7	7	7	7	8	5	7	7
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	7	6	20	100
<b>Proba escrita</b>	100	100	0	80
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	100	20

### Criterios de cualificación:

#### Probas escritas:

En toda proba escrita, figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta.

A profesora dará a coñecer as normas e criterios xerais de corrección das probas escritas, que serán os seguintes:

- Non é necesario responder as preguntas seguindo a orde numérica, pero deberá quedar claro cal é o exercicio ou problema que se está a facer e non intercalar respostas doutros exercicios.
- É obrigatorio escribir con bolígrafo. Non se admitirán exames feitos con lapis.
- A ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na súa valoración, podendo chegar a ter unha puntuación de cero se só se aporta a solución

numérica sen ningunha explicación. Reciprocamente, aínda que o resultado non sexa correcto, teranse en conta a presentación e desenvolvemento do problema.

- Se un mesmo exercicio, problema ou cuestión se resolve de dous ou máis xeitos diferentes, terase en conta unicamente a resolución que apareza en primeiro lugar.

Sistema de cualificación das probas escritas:

A cualificación de calquera proba escrita darase cun número entre 0 e 10, que poderá levar decimais.

Sistema de redondeo dunha nota final de avaliación parcial, ordinaria ou extraordinaria e de recuperación: Unha vez que se teña unha nota final, en todos os casos redondearase da seguinte maneira: nota menor que  $x,5$  redondearase a  $x$ ; nota maior ou igual que  $x,5$  redondearase a  $x+1$ .

Instrumentos e sistemática de avaliación para 1º de ESO:

Realizaranse tres avaliación parciais. Durante cada trimestre, a profesora realizará como mínimo dúas probas escritas que se basearán nos criterios de avaliación das unidades avaliadas, tendo como finalidade a consecución dos obxectivos mínimos relativos a elas.

Se a porcentaxe de materia que entra en cada exame non é similar á media poderá ser ponderada, é dicir, terá máis peso aquel exame con maior cantidade de materia. Este peso estará indicado na proba.

A incomparecencia non xustificada a un exame implicará un 0 nese exame. Pola contra, no caso de non poder asistir a un exame por un motivo xustifico, a profesora poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha

cualificación en función dos datos que ten da/o alumna/oa ata ese momento.

Cualificación dunha avaliación parcial:

A obtención da cualificación dunha avaliación parcial realizarase da maneira seguinte:

- A cualificación numérica obtida da media (ponderada de ser o caso) das probas escritas realizadas suporá o 80% na cualificación da avaliación parcial (nota conceptual).

- O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 que estarán asociados a rúbricas ou listas de cotexo cos que se avaliarán os traballos propostos (individuais ou cooperativos), o caderno de aula, as actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan e a observación diaria na aula.

a) 10% da nota: traballo na casa, (ben observado directamente ou ben revisando o caderno de clase) e caderno de traballo (revisaranse para ver se o alumnado ten, feitos e correxidos, todos os exercicios que se fixeron na aula). Criterios de puntuación: Pártese de 0 puntos e súmase ou réstase ata un máximo de 1 punto. (+ suma 0.1; - resta 0.1)

b) 10% da nota: traballo na clase. Teranse en conta a participación do alumnado no desenvolvemento da clase. Criterios de puntuación: Pártese de 0s punto e vaise restando ou sumando ata un mínimo de 1 punto (+ suma 0.1; - resta 0.1).

A cualificación final da avaliación parcial será a suma das



notas conceptuais e actitudinais cara á materia, redondeando a unidades como se indicou nos aspectos xerais.

**Sistemática no caso de copia nun exame:**

Se un profesor ten indicios de que un alumno copiou nun exame, xa sexa porque o detecta copiando ou ben polas similitudes co exame dun compañeiro, poderá esixir a este/estes a repetición do mesmo ou ben considerar dito exame como suspenso, cunha nota de 1 a todos os efectos. Enténdese que se o exame é unha proba parcial dunha avaliación, dita nota 1 será a considerada a efectos de facer a media para calcular a nota da avaliación; se o exame é unha recuperación dunha avaliación dita nota 1 será a conceptual a efectos de calcular a nota da recuperación; se o exame é o final dita nota será de 1 na avaliación final e se o exame da convocatoria extraordinaria dita nota será de 1 na avaliación final extraordinaria.

A cualificación final ordinaria de cada alumno ou alumna será a media aritmética das tres cualificacións parciais (despois das correspondentes recuperacións, de ser necesarias) redondeada segundo se indicou nos criterios xerais.

**Criterios de recuperación:**

Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior

a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada. Deberán realizar a avaliación final aqueles alumnos ou alumnas que non lles de a media das tres avaliacións aprobado. Para iso realizarase unha proba específica cos contidos das avaliacións suspensas antes da avaliación ordinaria. A cualificación final ordinaria será a media aritmética das cualificacións das avaliacións aprobadas e a proba ou probas específicas das non aprobadas redondeada segundo se indicou nos criterios xerais.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O seguimento dos alumnos que teñan matemáticas pendente estará coordinado polo xefe de departamento, sendo responsabilidade do profesor ou profesora que lles imparta clase no curso actual.

A ensinanza das Matemáticas na ESO configúrase de forma cíclica, de xeito que en cada curso aparecen contidos que xa figuraron dunha forma máis elemental en cursos precedentes, co obxecto de que o sistema permita o repaso e a mellor fixación de ideas e técnicas, ampliando o seu campo de aplicación e as posibilidades de relación. Por iso, entenderase que un alumno ou alumna que aprobe o curso no que se atopa matriculado e que mostre interese e actitude positiva de cara á materia pendente, debe ser aprobado nela. Para valorar este último aspecto, daránselles uns boletíns con exercicios e/ou problemas sobre os temas do curso, separados por cuatrimestres, que deberán entregar realizados como condición necesaria para acadar o aprobado na materia pendente.

Debido á carga horaria do alumnado e profesorado, e á situación particular dos alumnos deste centro, pois a maioría utiliza o transporte escolar, non podemos facer un seguimento do proceso de recuperación como cabería esperar. De todos os xeitos, os profesores e profesoras que imparten a materia no curso no que se atopan matriculados resolverán calquera dúbida referente á materia da que se teñen que examinar ou de calquera exercicio dos boletíns.

Procedementos, instrumentos de avaliación e criterios de avaliación

Probas escritas: En toda proba escrita figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta. O profesor ou profesora dará a coñecer as normas e criterios xerais de corrección das probas escritas, que serán os seguintes:

- Non é necesario responder as preguntas seguindo a orde numérica, pero deberá quedar claro cal é o exercicio que se está a facer e non intercalar respostas doutros exercicios.
- É obrigatorio escribir con bolígrafo. Non se admitirán exames feitos con lapis.
- A ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na súa valoración, podendo chegar a ter unha puntuación de cero se só se aporta a solución numérica sen ningunha explicación. Reciprocamente, aínda que o resultado non sexa correcto, teranse en conta a presentación e desenvolvemento do problema.
- Se un mesmo exercicio, problema ou cuestión se resolve de dous ou máis xeitos diferentes, terase en conta unicamente a resolución que apareza en primeiro lugar.

Sistema de cualificación das probas escritas: A cualificación de calquera proba escrita darase cun número entre 0 e 10, que poderá levar decimais.

Sistema de redondeo dunha nota final (de avaliación parcial, ordinaria ou extraordinaria, de recuperación e de pendentes): Unha vez que se teña unha nota final, en todos os casos redondearase da seguinte maneira: nota menor ou igual que  $x,5$  redondearase a  $x$ ; nota maior que  $x,5$  redondease a  $x+1$ .

Instrumentos e sistemática de avaliación para alumnos pendentes:

Realizaranse dúas avaliacións parciais cuatrimestrais. A incomparecencia non xustificada a un exame é motivo de suspenso no cuatrimestre. Pola contra, no caso de non poder asistir a un exame por un motivo xustifico, o profesor ou profesora poderá establecer outra data para facelo. Haberá unha recuperación escrita por avaliación (proba conceptual) que se realizará no mes de maio. A nota calcularase igualmente que a nota da avaliación parcial tendo

en conta a nota do boletín entregado.

Haberá, así mesmo, unha proba final de todo o curso no mes de maio( avaliación ordinaria) e de ser o caso unha extraordinaria no mes de xuño

Cualificación dunha avaliación parcial:

A obtención da cualificación dunha avaliación parcial realizarase da maneira seguinte:

- A cualificación numérica da proba escrita realizada suporá o 80% na cualificación da avaliación parcial (nota conceptual).

- O 20% restante da nota virá dado pola cualificación do boletín.

A cualificación final da avaliación parcial será a suma das dúas notas anteriores, redondeando a unidades como se indicou nos aspectos xerais, tendo en conta que se o alumno ou alumna non entrega os exercicios do boletín ou os entrega practicamente en branco entón a nota da avaliación será como máximo de catro.

Nota final de curso (ordinaria):

Se un alumno ou unha alumna ten superadas as dúas avaliacións cuatrimestrais (cualificación igual ou maior que 5 en cada unha delas), ben de forma ordinaria ou ben nas recuperacións, a cualificación final ordinaria será a media aritmética das dúas cualificacións parciais redondeada segundo se indicou nos criterios xerais.

Se un alumno ou alumna aproba as dúas primeiras avaliacións do curso no que está matriculado actualmente e entrega os traballos propostos cun mínimo dun 60% dos exercicios feitos para os dous cuatrimestres, considerarase como aprobado do curso pendente e a nota será a media aritmética das dúas avaliacións do curso actual.

Nota final de curso (extraordinaria):

Se un alumno non acada a cualificación final de 5 na avaliación ordinaria, terá que facer unha proba escrita extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente que durante o curso tivera algunha avaliación parcial superada. Para acadar unha avaliación positiva, só se terá en conta a cualificación desta proba escrita (polo que será valorada de 0 a 10 puntos), que deberá ser igual ou superior a 5 puntos. A nota final redondearase segundo se indicou nos criterios xerais.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. O Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (ACNEAE) está distribuído nos distintos grupos

do modo seguinte: En 1º ESO - A atopámonos na aula con 3 alumnas e alumnos con Adaptación Curricular. En 1º ESO - B temos 3 alumnas e alumnos con Adaptación Curricular ,1 con dislexia e 1 con Trastorno de Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH). En 1º ESO - C hai 1 estudante con Adaptación Curricular e 2 con TDAH. No grupo 1º ESO-D hai 1 estudante con dislexia.

A distribución do alumnado que se atopa repetindo curso é a seguinte: 3 en 1º ESO-A, 7 en 1º ESO-B, 3 en 1º ESO-C e 2 en 1º ESO D.

O alumnado con Adaptación Curricular significativa contará co apoio dunha profesora de Pedagogía Terapéutica, coa que sairán da aula de referencia 4 das 5 horas semanais da materia, para que esta profesora os poida atender de forma personalizada e individualizada. As actividades deste alumnado realízanse en coordinación entre a profesora de matemáticas e a profesora de pedagogía terapéutica.

As profesoras seguirá tanto na aula como á hora da realización das probas escritas, o protocolo indicado dende o departamento de orientación, adecuado a cada caso en particular.

Por outra banda, en todas as aulas de 1º de ESO, temos alumnado con dificultades de aprendizaxe e posiblemente nos atopemos ao longo do curso con alumnado que necesite reforzo nalgunha parte da materia. Para este alumnado preparáranse fichas específicas da parte da materia que necesite reforzo.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X

**Observacións:**

### 1. Comprensión da lectura e expresión oral e escrita

Observación: serán traballadas de xeito habitual a través dos materiais utilizados na aula (boletíns de exercicios, caderno de traballo, realización de probas e traballos para entregar,...) e das intervencións do alumno (ben sexa realizando preguntas relativas ás explicacións da/o docente, ou coa explicación da resolución de tarefas no encerado ou coa exposición de traballos)

### 2. A comunicación audiovisual e a competencia dixital

Observación: O uso da aula virtual e das novas tecnoloxías utilizando aplicacións web como Geogebra e outras ferramentas dixitais (follas de cálculo, editores de texto, editores de presentacións...).

### 3. O emprendemento social e empresarial

Observación: propoñeranse tarefas de ampliación e alternativas que busquen fomenten a creatividade e a autonomía persoal do alumnado.

### 4. O fomento do espírito crítico

Observación: o espírito crítico é tratado de forma xenérica diariamente na aula. A resolución de problemas lévanos inevitablemente a esta forma de proceder, as propostas alternativas ou de mellora a unha solución dada, fomentan o espírito crítico.

### 5. A educación emocional e en valores

Observación: os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o

respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

#### 6. A igualdade de xénero

Observación: traballada de xeito habitual nas intervencións do alumnado e das profesoras, empregando e evitando comportamentos e contidos sexistas e potenciando na aula a igualdade entre mulleres e homes.

#### 7. A creatividade

Observación: A Arte e a Xeometría, as ideas de proxectos e búsqueda de solucións a problemas cotiás fomentarán a creatividade do alumno e o respecto polas distintas formas de expresión.

#### 8. A formación para a saúde.

Observación: A través de situacións reais introdúcense elementos relacionados cos bos hábitos na alimentación e no deporte, presentes en actividades de proporcionalidade, estatística..

#### 9. A formación estética

Observación: a matemática como instrumento a través da Xeometría e os números para decatarse da beleza das formas que se atopan ao noso redor.

#### 10. Educación para a sustentabilidade

Observación: Traballando problemas con distintas situacións onde aparecen o cambio climático, o consumo enerxético, alimenticio,..e educando para facer un consumo responsable



## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no canguro matemático	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.		X	
Participación no Estalmat	Co obxectivo de participar activamente na busca de talentos matemáticos e fomentar o interese por participar nun futuro nas olimpíadas matemáticas de 2º de ESO organizadas pola AGAPEMA proporase ao alumnado participar no proceso de selección do proxecto Estalmat.			X
Paseo xeométrico	Desenvolverase unha actividade pola localidade na que se realizarán diferentes observacións, medidas e estimacións de cara a relacionar o entorno cos contidos traballados na materia			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

**Descrición:**

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 156/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado. O profesorado que imparte clases en 1º ESO calibrarase.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións, no período entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria e para o alumnado con materias pendentes.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013636	IES María Sarmiento	Viveiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación se desenvolve no IES María Sarmiento un centro público dependente da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia. O Centro está formado por cinco edificios máis un ximnasio e un polideportivo compartido co outro instituto do concello. Está composto polos seguintes edificios:

EDIFICIO A: Administración do centro, sala de profesores, despachos dos cargos directivos e orientación, aulas de ESO e do ciclo de Administración, Informática, laboratorio de ciencias e aula de tecnoloxía.

EDIFICIO B: Biblioteca, aulas de ESO e de FP Básica, laboratorio de física e química.

EDIFICIO C: Aulas ESO, BAC, FP Básica de mantemento de vehículos e talleres dos ciclos de electricidade e de transporte e mantemento de vehículos.

EDIFICIO D: Aulas de ESO e BAC, talleres de soldadura e aula técnica, talleres de carrozaría e aula técnica.

EDIFICIO E: Aulas de bacharelato, cociña e comedor escolar.

O centro está situado no concello de Viveiro, que é un concello do norte da provincia de Lugo pertencente á Comarca da Mariña Occidental. O dito concello limita ao norte co mar Cantábrico, ao sur co concello de Ourense, ao este co de Viveiro e ao oeste co de O Vicedo.

Segundo as cifras oficiais da poboación (datos obtidos do Instituto Galego de Estatística) Viveiro ten 15391 habitantes nesa data. É o terceiro concello con máis poboación da provincia de Lugo por detrás de Lugo e Monforte de Lemos.

No tocante á situación socioeconómica do alumnado, dicir que a maioría das familias encadraríanse dentro da clase media. En canto á situación da residencia familiar predominan o alumnado que provén dos núcleos de poboación de Celeiro, Viveiro centro, Covas e o centro urbano de O Vicedo, combinados cunha poboación moi rural diseminada polos concellos de O Vicedo, Ourense, Muras e a parte sur do concello de Viveiro.

O grupo seleccionado de 1º ESO, está composto por 49 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 12 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A discriminación machista e sexista.	Nesta unidade estúdase a que é a discriminación machista e o sexismo.	30	10	X		
2	As discriminacións na historia.	Nesta unidade o alumnado pescuda información sobre as discriminacións a longo da historia.	35	10		X	
3	Exposición do proxecto.	Unidade na que se elaboran, expoñen e presentan as conclusións recollidas.	35	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A discriminación machista e sexista.	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar que é o machismo e o sexismo.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	As discriminacións na historia.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.



UD	Título da UD	Duración
3	Exposición do proxecto.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Vivimos nun mundo machista?"

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, traballarase sobre que é o machismo e o sexismo, a través do debate e buscando exemplos actuais. O alumnado deseñará unha planificación na procura e selección das fontes de información.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, recollerán datos e información sobre as distintas discriminacións ao longo da historia, organizando estes para a súa exposición.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos as conclusións das súas investigacións.

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Caderno

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo coa recompilación da información solicitada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información solicitada.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

Ao ser a Relixión unha materia de oferta obrigatoria para o centro e de libre elección para o alumno, estes poden acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é necesario que acrediten coñecementos previos. Con todo, tomarase información dos coñecementos do alumnado, ao comezo do curso, a través dun cuestionario de xeito informal con algun instrumento de gamificación.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	<b>30</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	<b>70</b>

### **Criterios de cualificación:**

En cada avaliación o alumno deberá entregar un traballo que constará de unhas preguntas relacionadas coas unidades didácticas que se imparten en cada avaliación, así como unhas preguntas das películas que se proxectaron nesa avaliación. Este traballo deberán entregalo a través da plataforma Edixgal na fecha que indique o profesor, penalizando a aqueles alumnos que se retrasen na súa entrega, que poderán levar unha nota máxima de 5. Este traballo terá un peso dun 80% da nota total da avaliación, correspondéndolle un 20% ó traballo que realicen na clase..

A avaliación estará superada coa nota de 5.

A nota final será a media ponderada das tres avaliacións.

### **Criterios de recuperación:**

Si algún alumno non supera algunha das avaliacións, deberá volver a entregar o traballo coas preguntas que lle formule o profesor novamente e tamén das preguntas relacionadas coas películas proxectadas na clase.

Si a media das 3 avaliacións non acadara ó 5, daráselle ó alumno traballo de recuperación para que poida superar as dificultades e así aprobar o curso.

No período entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria, os alumnos que necesiten reforzo recibirán axuda nas dificultades que teñan para que poidan superalas e os alumnos que teñan superadas as tres avaliacións realizarán actividades de ampliación de forma máis lúdica.

## **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

No caso de que haxa alumnos coa materia pendente, elaborárase un plan de reforzo segundo o establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. O plan será personalizado e consistirá nun caderniño que o alumno deberá ir contestando ao longo do curso. As respostas revisaranse con frecuencia para detectar os posibles problemas e realizar os axustes necesarios. A nota será a que corresponda tendo en conta que o caderniño avaliarase sobre 10 puntos.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivos e interculturais. Foméntanse así procesos pedagóxicos accesibles para

todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles. A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é una necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade dos alumnos como principio e non como una medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Nos materiais do curso inclúese propostas de atención á diversidade para todos os contidos.

En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, Elaborárase un plan específico personalizado para os alumnos que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinariedade e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación de con outras disciplinas especialmente Lingua, Historia, Xeografía, Educación Plástica e Visual, etc

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a Santiago de Compostela	Visitaranse as cubertas da Catedral e museo do peregrino. Paseo pola cidade			X

### Observacións:

Esta actividade está prevista para xuño de 2024

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Programación
Planificación da situación de aprendizaxe
Avaliación

#### Descrición:

Se a programación se axústa ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

A estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais, planificouse a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias, sies adecuada aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

Se reflexionei e avalei o meu labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía...) cando foi necesario, se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais,), se tiveren en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens. Como o departamento é unipersoal e non teño que coordinarme con outros profesores, farase ao remate de cada UD completando os datos que aparecen na aplicación. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico no que estaremos máis familiarizados coa aplicación.

## 9. Outros apartados



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013636	IES María Sarmiento	Viveiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Tecnoloxía e Dixitalización	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

## 1. Introducción

A materia de Tecnoloxía e Dixitalización é necesaria para valorar a achega fundamental da tecnoloxía na sociedade actual e comprender a importancia de utilizala dun xeito crítico, responsable e sostible. Nun mundo cada vez máis dixitalizado, a materia contribúe a mellorar a competencia dixital do alumnado tratando que utilice o gran potencial das ferramentas dixitais, pero sen deixar de lado a seguridade, a ética e o benestar.

O principal eixe do proceso de ensino e aprendizaxe será o desenvolvemento de proxectos que resolvan problemas concretos, aplicando os contidos da materia. Así mesmo incorporaranse as tecnoloxías dixitais e potenciarase o pensamento computacional, coma bases destacables neste proceso. Trátase de que o alumnado traballe coñecementos científicos e técnicos, desenvolvendo ideas e solucións cunha actitude creativa, emprendedora e de cooperación así coma crítica e comprometida coa sostibilidade.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar e seleccionar a información adecuada proveniente de diversas fontes, de maneira crítica e segura, aplicando procesos de investigación, métodos de análise de produtos e experimentando con ferramentas de simulación, para definir problemas tecnolóxicos e iniciar procesos de creación de solucións a partir da información obtida.	3		2	1-4	4		1	
OBX2 - Abordar problemas tecnolóxicos con autonomía e actitude creativa, aplicando coñecementos interdisciplinarios e traballando de forma cooperativa e colaborativa, para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz, innovadora e sostible.	1		1-3	3	3-5		1-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Aplicar de forma apropiada e segura distintas técnicas e coñecementos interdisciplinarios utilizando operadores, sistemas tecnolóxicos e ferramentas, tendo en conta a planificación e o deseño previo para construír ou fabricar solucións tecnolóxicas e sostibles que dean resposta a necesidades en diferentes contextos.			2-3-5	5	1		3	3
OBX4 - Describir, representar e intercambiar ideas ou solucións a problemas tecnolóxicos ou dixitais, utilizando medios de representación, simboloxía e vocabulario axeitados, así como os instrumentos e os recursos dispoñibles, e valorando a utilidade das ferramentas dixitais para comunicar e difundir información e propostas.	1		4	3				3-4
OBX5 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional e incorporando as tecnoloxías emerxentes, para crear solucións a problemas concretos, automatizar procesos e aplicalos en sistemas de control ou en robótica.		2	1-3	5	5		3	
OBX6 - Comprender os fundamentos do funcionamento dos dispositivos e aplicacións habituais da súa contorna dixital de aprendizaxe, analizando os seus compoñentes e funcións e axustándoos ás súas necesidades para facer un uso máis eficiente e seguro destes e para detectar e resolver problemas técnicos sinxelos.		2		2-4-5	4-5			
OBX7 - Facer un uso responsable e ético da tecnoloxía, mostrando interese por un desenvolvemento sostible, identificando as súas repercusións e valorando a contribución das tecnoloxías emerxentes para identificar as achegas e o impacto do desenvolvemento tecnolóxico na sociedade e na contorna.			2-5	4		4		

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Tecnoloxía: O proxecto técnico. Utilización das Tic no proceso tecnolóxico I	Introdución á Tecnoloxía. Proxecto técnico. Organización da información e documentos para a elaboración do proxecto	8	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Tecnoloxía: O proxecto técnico. Utilización das Tic no proceso tecnolóxico I	empregando o procesador de textos.	8	9	X		
2	Introdución ao deseño.	Introdución ao deseño dun produto. Ferramentas de debuxo técnico necesarias, tanto manuais como informáticas para o deseño 2D. Introdución ao deseño 3D.	8	15	X		
3	Materiais de uso técnico.	Coñecementos sobre materiais necesarios para a elaboración dun proxecto.	8	10	X		
4	Proxecto de tecnoloxía I	Introdución as técnicas de fabricación dun obxecto.	10	8	X		
5	Estruturas	Coñecementos necesarios sobre estruturas para o deseño e elaboración dun proxecto técnico.	6	7		X	
6	Mecanismos	Coñecementos necesarios sobre mecanismos para o deseño e elaboración dun proxecto técnico.	6	7		X	
7	Electricidade	Introdución á electricidade.	6	7		X	
8	Utilización das Tic no proceso tecnolóxico II	Documentos para a elaboración do proxecto II empregando a folia de cálculo.	5	6		X	
9	Proxecto de Tecnoloxía II	Deseño e construción dunha estrutura destinada a soportar carga.	10	6		X	
10	Programación	Resolver problemas mediante algoritmos. Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para ordenador mediante a programación por bloques.	8	9			X
11	Sistemas de control e robots.	Deseño, montaxe e programación dun sistema de control ou robot sinxelos.	8	9			X
12	Utilización das Tic no proceso tecnolóxico III	Seguridade da información e dos usuarios.	7	6			X
13	Proxecto de Tecnoloxía III	Deseño e montaxe dun coche que dispoña de mecanismos e sistema eléctrico.	10	6			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Tecnoloxía: O proxecto técnico. Utilización das Tic no proceso tecnolóxico I	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Buscar e contrastar información que nos axude a resolver un problema.	PE	100
CA1.2 - Comprender e examinar obxectos tecnolóxicos sinxelos de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.	Comprender obxectos tecnolóxicos sinxelos.		
CA1.3 - Recoñecer a influencia da actividade tecnolóxica na sociedade e na sostibilidade ambiental identificando as súas achegas e repercusións e valorando a súa importancia para o desenvolvemento sostible.	Coñecer a influencia da aplicación do método de proxectos na sociedade. Comprender a importancia dun desenvolvemento sostible.		
CA1.4 - Identificar as achegas das tecnoloxías emerxentes ao benestar, á igualdade social e á diminución do impacto ambiental, facendo un uso responsable e ético destas.	Valorar a importancia das tecnoloxías emerxentes no benestar da sociedade actual e usalas de forma responsable.		
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Emprego do procesador de textos LibreOffice para a elaboración de documentación do proxecto técnico. Elaboración da memoria dun proxecto técnico.		
CA5.4 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Organización da información nunha árbore de directorios. Non almacenar arquivos no escritorio do equipo e darse conta da importancia das copias de seguridade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases.</li> <li>- Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos.</li> <li>- Análise de produtos e de sistemas tecnolóxicos sinxelos para a construción de coñecemento desde distintos enfoques e ámbitos.</li> <li>- Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria.</li> <li>- Desenvolvemento tecnolóxico: creatividade, innovación, investigación, obsolescencia e impacto social e ambiental.</li> <li>- Ética e aplicacións das tecnoloxías emerxentes.</li> <li>- Tecnoloxía sostible. Valoración crítica da contribución da tecnoloxía á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).</li> <li>- Vocabulario técnico apropiado.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos.</li> <li>- Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Introdución ao deseño.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.1. - Coñecer as técnicas para a elaboración de esbozos e croquis e empregalas para a representación a man alzada de solucións a problemas concretos.	Elaborar a man alzada as vistas dun obxecto e debuxar o mesmo en perspectiva mantendo as proporcións do mesmo.	PE	100
CA2.1.2. - Interpretar un plano sinxelo e empregar as técnicas de debuxo técnico para elaborar planos que den solución a necesidades concretas.	Interpretar as medidas dun obxecto acoutado seguindo as normas a partir dun plano. Entender as escalas.		
CA2.4.1. - Diseñar mediante ferramentas dixitais obxectos sinxelos.	Representar obxectos en 3D empregando ferramentas informáticas sinxelas como por exemplo TinkerCad.		
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.		Baleiro	0
CA2.4 - Diseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas de representación gráfica para deseño de pezas utilizadas nos proxectos. Acoutamento e escalas.</li> <li>- Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuítos e planos sinxelos.</li> <li>- Iniciación ao deseño 3D.</li> <li>- Introdución á fabricación dixital. Deseño e construción de pezas sinxelas con impresión 3D e/ou corte.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Materiais de uso técnico.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2.1. - Entender a importancia de coñecer as propiedades dun material para valorar se nos serve para dar solución a un problema técnico determinado.	Coñecer as propiedades de materiais básicos e relacionar este material cunha posible aplicación.	PE	100
CA2.2.2. - Coñecer a procedencia e características dos diferentes materiais que podemos empregar na fabricación de obxectos.	Coñecer a obtención da madeira e a formación dos seus principais derivados, taboleiros comerciais, papel, etc. Coñecer as características dos principais materiais metálicos e as aliaxes máis coñecidas.		
CA2.2.3. - Coñecer e planificar as técnicas de fabricación.	Planificar a construción dun obxecto de madeira seleccionando o as ferramentas necesarias.		
CA2.2.4. - Entender o impacto ambiental do uso dun determinado material para dar solución a un problema tecnolóxico determinado.	Regra das tres R para reducir o impacto da actividade tecnolóxica e conseguir unha sociedade sostible.		
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Uso de materiais tecnolóxicos para a fabricación de obxectos ou modelos nun proxecto tecnolóxico e o seu impacto ambiental.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Proxecto de tecnoloxía I	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3.1. - Fabricar un obxecto sinxelo empregando correctamente as ferramentas ou máquinas manuais axeitadas.	Fabricar un obxecto sinxelo de madeira seguindo unha secuencia adecuada de pasos, marcar, cortar, preparar as pezas e realizar o acabado empregando en cada caso as ferramentas e materiais axeitados.	TI	100
CA2.3.2. - Fabricar un obxecto sinxelo respectando as normas de seguridade e saúde	Respectar en cada proceso da fabricación dun obxecto sinxelo de madeira as normas de seguridade e saúde axeitadas. Valorar a importancia dos Epi no traballo.		
CA2.3.3. - Fabricar correctamente un obxecto sinxelo.	Valoración individualizada do traballo realizado.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos.</li> <li>- Respecto das normas de seguridade e hixiene.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Estruturas	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.1. - Coñecementos básicos sobre estruturas que me permitan deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Deseñar unha estrutura valorando a súa estabilidade. Identificar os tipos de elementos que forman parte dunha estrutura deseñada. Recoñecer os esforzos aos que está sometido un determinado elemento dunha estrutura deseñada. Diferenciar entre estruturas ríxidas e deformables.	PE	100
CA3.1.2. - Deseñar máquinas e sistemas empregando estruturas que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Aplicar os coñecementos necesarios para analizar se unha estrutura é ou non estable, se é ríxida ou deformable ou porque é capaz de soportar carga. Deseñar unha estrutura triangulada básica.		
CA3.1 - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estruturas para a construción de modelos.</li> <li>- Estruturas: clasificación.</li> <li>- Estabilidade nunha estrutura.</li> <li>- Elementos dunha estrutura.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipos de esforzos: tracción, compresión, flexión, torsión, cortadura.</li> <li>- Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Mecanismos	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.4. - Coñecementos básicos sobre mecanismos que me permitan deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Identificar mecanismos de transformación e transmisión de movemento en máquinas e sistemas deseñados. Realizar cálculos que me permitan coñecer a velocidade de xiro en sistemas de transmisión de movemento en máquinas e sistemas deseñados.	PE	100
CA3.1.5. - Deseñar máquinas e sistemas empregando mecanismos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Deseñar sistemas sinxelos e probalos en simuladores.		
CA3.1 - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación de sistemas mecánicos básicos de transmisión e transformación do movemento: montaxes físicas e/ou uso de simuladores.</li> <li>- Identificación de sistemas mecánicos básicos de transmisión do movemento.</li> <li>- Identificación de sistemas mecánicos básicos de transformación do movemento.</li> <li>- Montaxes físicas e/ou uso de simuladores.</li> <li>- Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Electricidade	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1.6. - Coñecementos básicos sobre electricidade que me permitan deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando circuitos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Coñecer: A Natureza eléctrica da materia. Diferenza entre condutores e illantes. Magnitudes e unidades. Elementos dun circuito, simboloxía básica. Circuitos serie, paralelo e mixto.	PE	100
CA3.1.7. - Deseñar máquinas e sistemas empregando circuitos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Deseñar diferentes circuitos e probar o seu funcionamento na práctica ou con simuladores. Empregar os coñecementos sobre electricidade para predicir o funcionamento de circuitos básicos.		
CA3.1 - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Electricidade básica para a montaxe de circuitos físicos ou simulados. Montaxe e/ou simulación de circuitos sinxelos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Compoñentes básicos e simboloxía.</li> <li>- Coñecementos básicos de electricidade para a montaxe de circuitos físicos ou simulados.</li> <li>- Compoñentes básicos dun circuito.</li> <li>- Símboloxía nos circuitos eléctricos.</li> <li>- Montaxe ou simulación de circuitos serie e paralelo.</li> <li>- Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Utilización das Tic no proceso tecnolóxico II	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Elaboración de documentación necesaria para o proxecto técnico. Elaboración dun presuposto empregando unha folia de cálculo tanto de escritorio como online.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos.

UD	Título da UD	Duración
9	Proxecto de Tecnoloxía II	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3.1. - Fabricar un obxecto sinxelo empregando correctamente as ferramentas ou máquinas manuais axeitadas.	Traballar no taller empregando correctamente as ferramentas ou máquinas manuais.	TI	100
CA2.3.2. - Fabricar un obxecto sinxelo respectando as normas de seguridade e saúde	Respectar as normas de seguridade e hixiene. Valorar a importancia da utilización dos Epi.		
CA2.4.2. - Construír mediante ferramentas de fabricación dixital respectando as normas de seguridade e saúde.	Introdución á fabricación coa impresora 3D.		
CA3.1.3. - Fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Fabricar unha estrutura triangulada conforme a un deseño previo elaborada con papel e que sexa capaz de soportar a máxima carga posible.	Baleiro	0
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.			
CA2.4 - Deseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.			
CA3.1 - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos.
- Respecto das normas de seguridade e hixiene.
- Introdución á fabricación dixital. Deseño e construción de pezas sinxelas con impresión 3D e/ou corte.
- Estructuras para a construción de modelos.

UD	Título da UD	Duración
10	Programación	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Interpretar algoritmos sinxelos. Representar algoritmos sinxelos empregando diagramas de fluxo. Deseñar solucións a problemas sinxelos empregando algoritmos.	PE	100
CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición.	Programar aplicacións sinxelas empregando unha contorna de programación por bloques como por exemplo Scratch ou similar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Algorítmica e diagramas de fluxo.</li> <li>- Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador.</li> <li>- Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	Sistemas de control e robots.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2.1. - Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot, para montar sistemas de control e/ou robots sinxelos para a resolución dos problemas propostos.	Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot.	PE	100
CA3.2.2. - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.	Montar un sistema de control ou robot sinxelo incorporando os elementos necesarios para a resolución dun problema proposto sinxelo.		
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e obxectos sinxelos, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Automatizar un proceso ou máquina sinxelo, realizando o programa para un sistema de control ou un robot.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Compoñentes básicos e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: sensores, actuadores e controladores.</li> <li>- Montaxe de sistemas de control ou robots sinxelos para a resolución de problemas técnicos.</li> <li>- Sistemas de control programado: uso de simuladores e programación sinxela de dispositivos.</li> <li>- Fundamentos da robótica: control programado de robots sinxelos de maneira física ou por medio de simuladores.</li> <li>- Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	Utilización das Tic no proceso tecnolóxico III	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.	Utilizar os dispositivos dixitais coñecendo os riscos e adoptando as medidas de seguridade necesarias.	PE	100
CA5.3 - Crear contidos, elaborar materiais configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital.	Elaborar contidos respectando normas de conduta que respecten o benestar das persoas e os dereitos de autor.		
CA5.5 - Adoptar medidas preventivas para a protección dos dispositivos, dos datos e da saúde persoal, identificando problemas e riscos relacionados co uso da tecnoloxía e facendo unha análise ética e crítica.	Protexer os dispositivos e datos utilizados no desenvolvemento do traballo. Evitar os riscos para a súa saúde derivados do mal uso da tecnoloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Habilidades básicas de comunicación interpersonal. Pautas de conduta propias da contorna virtual, etiqueta dixital.</li> <li>- Dispositivos dixitais. Elementos do hardware e do software. Identificación e resolución de problemas técnicos sinxelos.</li> <li>- Ferramentas e plataformas de aprendizaxe: configuración, mantemento e uso crítico.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ferramentas de edición e creación de contidos: instalación, configuración e uso responsable.</li> <li>- Propiedade intelectual e etiqueta dixital.</li> <li>- Seguridade na Rede: riscos, ameazas e ataques.</li> <li>- Medidas de protección de datos e información. Benestar dixital: prácticas seguras e riscos (ciberacoso, sextorsión, vulneración da propia imaxe e da intimidade, acceso a contidos inadecuados, adiccións...).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
13	Proxecto de Tecnoloxía III	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3.1. - Fabricar un obxecto sinxelo empregando correctamente as ferramentas ou máquinas manuais axeitadas.	Construír un proxecto seguindo un deseño previo empregando correctamente as ferramentas ou máquinas manuais axeitadas.	TI	100
CA2.3.2. - Fabricar un obxecto sinxelo respectando as normas de seguridade e saúde	Construír un proxecto seguindo un deseño previo respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA2.4 - Diseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.	Diseñar pezas 3D que den solución a algunha necesidade do noso proxecto, empregando Tinkercad ou outra ferramenta similar e construílos coa Impresora 3D.		
CA3.1.8. - Fabricar máquinas e sistemas empregando mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Fabricar os operadores mecánicos necesarios para o noso proxecto e montalos de tal forma que o obxecto funcione. Realizar as conexións necesarias para que funcione a parte eléctrica do noso proxecto.		
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		Baleiro	0
CA3.1 - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos.</li> <li>- Respecto das normas de seguridade e hixiene.</li> </ul>

## Contidos

- Electricidade básica para a montaxe de circuitos físicos ou simulados. Montaxe e/ou simulación de circuitos sinxelos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Compoñentes básicos e simboloxía.
- Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No que se refire á metodoloxía, pretendemos sobre todo fomentar a participación do alumnado no proceso de aprendizaxe, na medida do posible tentaremos fuxir das clases puramente maxistras. Combinamos as explicacións do profesor coa resolución de exercicios por parte dos alumnos. Propóñenselle ao alumno actividades de busca de información que resolverá coa axuda de Internet que lle permiten chegar a obter as súas propias conclusións, sempre coa supervisión por parte do profesor ou actividades que consisten na resolución de problemas, sobre todo nos temas de electricidade e electrónica.

Empregaremos moitas veces páxinas web interactivas con animacións e con xogos que complementan o propio libro ou simuladores. Nalgúns temas, como por exemplo os que se refiren a materiais, visualizaranse vídeos.

Por tratarse dunha materia técnica non podemos esquecer que existen temas nos que o obxectivo principal é aprender a representar de forma gráfica obxectos técnicos ou interpretar esquemas, neste caso o alumno debe primordialmente realizar debuxos en papel, ou empregar páxinas web e programas de debuxo técnico, que o profesor corraxirá.

Nesta materia a secuenciación do traballo na aula non é sempre a mesmo, poderíamos describir polo menos as seguintes tres formas de traballar:

Nas clases de tipo máis tradicional comezamos realizando unha



breve presentación do tema, continuamos cunha explicación de tipo teórico e posteriormente propoñémoslles actividades que deben resolver.

Na aula de informática o que pretendemos é que os alumnos/as empreguen diferentes programas, para iso tras unha breve explicación, a clase consistirá en que resolvan as propostas guiadas de traballo que lles permitan aprender a utilizar os programas que logo empregan para realizar algún proxecto individual ou en grupo.

Por último, usamos o método de proxectos, co que o alumnado debe levar a cabo un proxecto en grupo. Durante a realización deste, vanse ir resolvendo as dúbidas e incluso, se é preciso, expoñendo breves aclaracións para todo o alumnado.

Como xa comentamos na introdución pretendemos que nesta materia o alumno realice traballos de tipo práctico, por iso imos empregar o método de proxectos. A idea é dedicar dous días semanais a seguir desenvolvendo novos temas e outro día a traballar no taller.

Durante este curso, debido a que os grupos son demasiado numerosos e a aula-taller de tamaño reducido, dispoñemos dun desdobre dunha hora semanal para a realización do proxecto técnico. A idea é que a metade do grupo permaneza na aula co profesor da materia, realizando tarefas de deseño e elaboración de documentación relacionada co proxecto e a outra metade do grupo realizará a construción do proxecto técnico na aula de tecnoloxía baixo a supervisión da profesora de desdobre. Isto implica que dedicamos unha sesión cada dúas semanas a fase de construción do proxecto técnico.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula taller de Tecnoloxía.
Ordenadores con conexión a internet. Un ordenador por alumna/o.
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática....) e de uso específico (LibreCad para deseño 2D, Tinkercad ou FreeCad para deseño 3D, Cura para realizar o laminado previo a impresión, simuladores de circuitos e de mecanismos, entornos de programación, etc..) En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización.
Ferramentas manuais e eléctricas propias do taller de tecnoloxía.
Operadores mecánicos e compoñentes eléctricos e electrónicos
Dispositivos de fabricación dixital: impresoras 3D
Controladoras arduino e diferentes sensores e actuadores.
Robots Mindstorns NXT da empresa Lego e Mbot Ranger da empresa Makeblock.
Recursos educativos abertos e materiais e recursos de creación propia.
Entorno virtual de aprendizaxe Edixgal.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O primeiro día de clase ademais de presentar o que vai ser a materia, farase unha proba inicial que nos axuda a coñecer aos alumnos e o grao de coñecementos previos que teñen.

Por outra parte, en cada tema o primeiro día que se comece a desenvolver faranse exercicios que poden ser de forma oral ou escrita co obxectivo de recordar os coñecementos previos necesarios.

Á proba inicial, non terá reflexo na nota e simplemente será empregada para coñecer a cada grupo de alumnos/as e así poder adaptar a programación de aula ás súas capacidades. Dese xeito

detectamos tamén casos de alumnos/as que precisen algún tipo de medida de reforzo.

A proba constará de tres partes:

Preguntas, que sen ser demasiado persoais, si que se refiren a aspectos da vida diaria, con elas pretendemos coñecer que partes da materia poden ser interesantes para o alumnado ou con que tecnoloxías poden estar en contacto no seu fogar. Esta parte tamén nos permite comprobar as súas habilidades lingüísticas.

Preguntas que permitan coñecer o dominio de cálculos básicos e de unidades de medida.

Preguntas que nos permitan coñecer se xa teñen algún coñecemento dos temas claves do 1º curso, como corrente eléctrica ou propiedades dos materiais.

Os aspectos que se consideren relevantes serán postos en coñecemento do titor do grupo na preavaliación para que sexan transmitidos as familias durante as visitas de titoría.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>10</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	0	100	100	100	100	0	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	100	0	0	0	0	100	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>7</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	0	<b>70</b>

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	7	10	100
Táboa de indicadores	0	0	100	30

**Criterios de cualificación:**

## CÁLCULO DA NOTA DUNHA AVALIACIÓN

A unidade didáctica Proxecto técnico aportará o 30% da nota, un máximo de 3 de 10 puntos. Os instrumentos de avaliación empregados para obter a nota de cada un dos criterios presentes nesta unidade son a observación por parte do profesor durante as clases dunha serie de indicadores que se darán a coñecer ao alumnado, cada profesor pode decidir como, publicándoos no EVA Edixgal ou outro método, a observación da calidade do traballo realizado, así como unha memoria do mesmo.

O traballo no taller será valorado cunha nota de cero a tres puntos, que se repartirán do seguinte xeito:

- 1 punto por coñecer e seguir as normas de seguridade, para isto empregárase unha lista de verificación, que será publicada na aula Edixgal para que o alumnado a coñeza. Esta listaxe será revisada periodicamente.

- 1 punto polo traballo individual do alumnado na aula, para isto tamén dispoñemos dunha lista de verificación, que igual que a anterior será publicada na aula Edixgal e revisada polo menos unha vez por trimestre. Para cualificar este apartado tamén dispoñemos das memorias que elaboradas polo alumnado.

- 1 punto pola calidade do traballo, como instrumento de cualificación neste caso empregamos o traballo final.

